

**CCOO Industria de Galicia e os Servicios Xurídicos do Sindicato Nacional de COO de Galicia gañan a demanda de impugnación de despido colectivo contra a empresa Artesanías Metálicas Santiaguesas, SL., ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.**

***A empresa pretendía un despido colectivo baseándose nunhas causas económicas máis que dúbidas e que, segundo quedou probado no xuízo, non xustifican a decisión extintiva.***

**Santiago, 7 de maio.-** O pasado 12 de Marzo, a **Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia** acolleu o xuízo pola demanda interposta por **CCOO**, impugnando el **DESPIDO COLECTIVO** que, a empresa **ARTESANÍAS METÁLICAS SANTIAGUESAS, (ARMESA)**, pretendeu levar a cabo a través dun ERE sen causa xustificada, tal e como indica a sentenza.

Grazas ó **traballo sindical por parte de CCOO Industria de Galicia**, nun primeiro momento, participando nas negociacións sindicais levadas a cabo dentro do período de consultas do ERTE e do **traballo técnico da Asesoría Xurídica do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia**, nun segundo lugar, na preparación e celebración dun xuízo onde quedou patente a falta de causa económica que xustificara o despido colectivo tal e como se amosaba no pormenorizado estudo económico presentado polo **Gabinete Económico de CCOO Industria de Galicia**.

CCOO Industria de Galicia agradece a confianza depositada polos traballadores na defensa dos seus postos de traballo e pon de manifesto que somos unha excelente ferramenta para a defensa dos dereitos laborais poñendo a disposición dos afiliados e afiliadas os seus Gabinetes Xurídicos, Económicos e de Saúde Laboral.